

Henryk Sienkiewicz

Bartek o vencedor

I

O noso heroe chamábase Bartek Słowik, mais, como tiña o costume de abrir moito os ollos cando a xente falaba con el, os seus veciños chamábanlle Bartek o Estartelado. Pouco tiña en común cun reiseñor¹, pero a súa capacidade intelectual e a súa inxenuidade verdadeiramente homérica tamén lle valeron o alcume de Bartek o Papón. Este último era o máis popular e probablemente o único que pasaría á historia, a pesar de que Bartek aínda tiña un cuarto apelativo, o oficial. Como as palabras «home» e «reiseñor» soan idénticas² para un oído alemán, e como aos alemáns, no nome da civilización, lles gusta traducir os bárbaros nomes eslavos a unha lingua máis culta, o día que se fixo o censo militar tivo lugar a seguinte conversa:

–Como te chamas? –preguntoulle o oficial a Bartek.

–Słowik.

–Szloik?... *Ach! Ja. Gut.*³

E o oficial escribiu: «Mensch».

Bartek procedía do lugar de Pognębin⁴, un topónimo moi habitual no ducado de Poznań e noutras latitudes da antiga mancomunidade. Á parte dunhas terras de labranza, unha casoupa e un par de vacas, alí tiña un cabalo pinto

1 O apelido Słowik significa «reiseñor». (Todas as notas son do tradutor.)

2 *Szloik* e *słowik*, respectivamente.

3 «Ah! Si. Ben», en alemán.

4 É un topónimo real, existente en varias zonas de Polonia, que podería traducirse como «Aldea desgraciada».

e a súa muller, Magda. Grazas a estas casualidades podía vivir tranquilo e de acordo coa sabedoría contida nestes versos:

Un cabalo pinto, unha muller chamada Magda,
o que Deus dá ninguén o estraga.

A súa vida transcorría tal e como Deus quixera, e só cando Deus enviou a guerra se agoniou Bartek abondo. Chegou o requirimento para que se presentase a filas, o que suporía abandonar a casoupa e as terras e deixar todo nas mans da muller. En xeral, a xente de Pognębin era bastante pobre. No inverno, Bartek adoitaba traballar na fábrica para contribuír a manter a granxa, pero, agora que? Quen sabe cando acabaría a guerra cos franceses? Cando Magda leu o requirimento do exército comezou a maldicir:

—Que o ceo caia sobre eles! Que se lles cegue a visión! Es un papón... pero mesmo así sinto pena por ti. Os franceses tampouco te han perdoar: hanche cortar a cachola ou vai saber!

Bartek considerou que a súa muller estaba no certo. Tíñalles un medo visceral aos franceses e ao mesmo tempo tamén lle daban mágoa. Que lle fixeran os franceses a el? Por que debía marchar a ese arrepiante país estranxeiro onde non hai nin unha soa alma caritativa? Cando vives en Pognębin non vives nin ben nin mal, vives daquel xeito, pero cando te obrigan a marchar comprendes que en ningures se está mellor que alí. Pero xa non había nada que facer, tal é o destino! Tería que ir. Bartek bicou a súa muller e o seu fillo de dez anos, Franek; logo cuspiu, fixo o sinal da cruz e saíu da súa casoupa, con Magda tras el. Non foi moi afectuoso. Namentres ela e o rapaz saloucaban, el non deixaba de repetir: «Calade xa, ou!», e así se

puxeron en camiño. Só entón comprobaron que en todo Pognębin pasaba o mesmo ca na súa casa. Toda a xente do lugar saíra en masa. O camiño encheuse de homes chamados a filas que se encamiñaban á estación do ferrocarril acompañados polas mulleres, os rapaces, os anciáns e os cans. Os recrutas senten o corazón a piques de escachar-lles no peito. Algúns ben noviños van cunha pipa colgando dos beizos, outros comezan a viaxe xa bébedos, e varios cantan con voz rouca:

As mans de Skrzynecki⁵ e as douradas sortellas
xa nunca máis brandirán a espada na guerra.

Os colonos alemáns de Pognębin cantan con medo un tras outro o «Wacht am Rhein»⁶. Toda esa caterva heteroxénea e multicolor, da que sobresaen as baionetas dos xendarmes, ábrese camiño polos valados ata chegar ao final da aldea entre berros, bulicio e lea. As mulleres aferran os seus «soldadiños» polo pescozo e láianse; unha velliña amosa os dentes amarelados e lanza o puño ameazante ao aire. Outra maldí: «Que Deus lles pase factura polas nosas bágoas!»; óense berros: «Franek! Kaśka! Józek! Tede coidado!». Os cans ladran. A campá da igrexa repenica. O crego reza preces polos mortos, porque moitos dos que agora van á fronte non regresarán. A guerra leva a todos, mais non devolve a todos.

Os arados enferrúxanse nos campos porque Pognębin lle declarara a guerra a Francia. Pognębin non pode aprobar a

5 Jan Zygmunt Skrzynecki, xeneral da insurrección polaca contra o Imperio ruso (1830-1831).

6 Himno patriótico alemán, moi coñecido, que evocaba a defensa da fronteira do Rin fronte a Francia.

hexemonía de Napoleón III, e toma moi en serio a cuestión do trono de España. O son da campá guía as multitudes que xa saíron dos arredores. Pasan por diante da figura de Cristo. Os sombreiros e cascos prusianos voan das súas cabezas. Levántase unha poeira dourada no camiño, xa que o día é seco e solleiro. A ambos os dous lados do camiño o trigo madura e as súas pesadas espigas bisban e dóbranse baixo a airexa que de cando en vez sopra con dozura. No ceo azulino hai laver-cas que chirlian coma se non quixesen ser esquecidas.

A estación! O amoreamento de xente é cada vez maior. Xa se concentran alí recrutas de Krzywda Górna, Krzywda Dolna, Wywłaszczyniec, Niedola e Mizerów⁷. Movemento, bulicio e confusión! As paredes da estación están empeladas de manifestos.

Alí «no nome de Deus e da Patria» os Landwehr⁸ van defender as súas familias, esposas, fillos, casoupas e campos ameazados. Ao parecer, os franceses teñen unha teima especial con Pognębin, Krzywda Górna, Krzywda Dolna, Wywłaszczyniec, Niedola e Mizerów. Ou polo menos é o que percibía quen lía os carteis. Entrementres non paran de chegar á estación máis e máis grupos de persoas. No ástrago, o fume das pipas enche o ambiente e tapa os carteis. Non é doado facerse entender no medio do boureo: todos berran, claman, vociferan. Na plataforma óese unha orde en alemán, cuxas vehementes palabras soan sentenciosas, bruscas e categóricas.

E entón óese un asubío: piii! De lonxe chega o violento soprido da locomotora. Canto máis se achega, máis claramente se sente. Diríase que o que se achega é a guerra.

7 Son todos topónimos polacos reais, ou que poderían selo, e significan respectivamente «Inxuria de Arriba», «Inxuria de Abaixo», «Expropiación», «Desgraza» e «Miseria».

8 Nome que se lles daba ás unidades de milicia ou reservistas do exército en diversos países de fala alemá.

Segundo asubío! Todos senten un tremor percorrédolles o peito. Unha muller comeza a gritar:

–Aí van, aí van!

Ao parecer, está chamando un tal Iván, mais as outras mulleres fan súas aquelas palabras e exclaman:

–Aí van!

E entón unha voz máis estridente ca as outras exclama:

–Que veñen os franceses! –E nun abrir e cerrar de ollos o pánico invade non só as mulleres, senón tamén os futuros heroes da batalla de Sedán.

O xentío desacóugase. Namentres, o tren entra na estación. Por todas as fiestras vense gorras con galóns vermellos e uniformes. Parece un enxame de soldados. Nos vagóns de carbón negrexan os corpos melancólicos e alongados dos canóns; sobre os vagóns abertos amoréase unha foresta de baionetas. Diríase que os soldados recibiron a orde de cantaren, xa que todo o tren retumba coas súas voces potentes e virís. Unha forza e unha potencia indescribibles emanan dese tren cuxo final non se ve.

Os recrutas comezan a formar na plataforma; quen pode despídese. Bartek move os brazos coma se fosen as aspas dun muíño de vento, cos ollos estartelados.

–En fin, Magda, adeus!

–Ai, meu pobriño!

–Non me volverás ver!

–Non te volverei ver!

–Non queda outra!

–Que a Virxe te protexa e te garde!

–Cóidate, e coida da casiña!

A muller aférrao polo pescozo sen deixar de chorar.

–Que Deus te guíe!

Chega o momento final. Os berros, os choros e os laios das mulleres afofan todo durante uns minutos:

–Volvede sans e salvos, volvede sans e salvos!

Mais os soldados xa se atopan lonxe do caótico xentío: agora forman unha masa negra e compacta que se agrupa en formacións cadradas e rectangulares, e que se despraza coa eficiencia e regularidade dunha máquina. Unha orde: «Sentade!». Os cadrados e rectángulos rompen polo centro, esténdense en estreitas franxas cara aos vagóns e pérdense no seu interior. Ao lonxe, a locomotora asubía e lanza nubes de fume gris. Agora respira coma un dragón, exhalando chorros de vapor por baixo. O laio das mulleres acada as cotas máis altas. Algunhas tapan os ollos co mandil, outras estenden as mans cara aos vagóns. Voces impetrantes repiten os nomes dos seus homes e fillos.

–Adeus, Bartek! –grita Magda dende abaixo—. E non vaias onde non che digan! Que a Virxe te protexa...! Cóidate! Meu Deus!

–E ti coida da casa! –dille Bartek.

De súpeto o tren ponse en marcha; os vagóns chocan uns contra os outros e arrincan.

–Lembra que tes muller e un fillo! –exclama Magda correndo tras o tren—. Cóidate, no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo! Cóidate!

O tren avanza cada vez máis rápido, levando os combatentes de Pognębin, das dúas Krzywdas, de Niedola e de Mizerów.